



Concello de Outeiro de Rei

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE ACERAS (PASAXES PERMANENTES) E AS RESERVAS DE VIA PUBLICA PARA APARCAMENTOS, CARGA E DESCARGA DE MERCANCÍAS DE CALQUER CLASE (PORTA CARRETERA).

Art. 1. Fundamento e Natureza.

En uso das facultades concedidas polos Artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo art. 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello, establece a taxa pola entrada de vehículos a través de aceras e as reservas de vía pública para aparcamentos, carga e descarga de mercadorías de calquer clase, que se rexirá pola presente Ordenanza.

Art. 2. Feito Imponible.

Constitúe o feito imponible, a entrada de vehículos a través de pasaxes permanentes e portas carreteras de entrada e saída de vehículos en Outeiro de Rei.

Art. 3. Suxeto Pasivo.

Son suxetos pasivos contribuintes da presente taxa, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refiren o art. 35 da Lei Xeral Tributaria, a cuio favor seotorguen as respectivas licencias.

Art. 4. Responsables.

1. Responderán solidariamente ou subsidiariamente das obrigacións tributarias do suxeto pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria, e nos termos previstos nesta Lei.

Art. 5. Cuota Tributaria.

Virá determinada pola cantidade resultante de aplicar a tarifa fixada no anexo.

Art. 6. Devengo.

1.- Devéngase a taxa e nace a obrigación de contribuir, ó tempo da concesión da respectiva licenza.

2.- No caso de tratarse de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada periodo natural.

Art. 7. Declaración, liquidación e ingreso.

1.- A cuota esixible por esta taxa liquidarase por cada aproveitamento solicitado e concedido por unha periodicidade anual, devengándose o día primeiro do ano natural non obstante no caso de alta ou de baixa a cantidade a satisfacer prorratearase por trimestres naturais.



Concello de Outeiro de Rei

2.- Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, o ingreso realizarase na Tesourería Municipal, previa retirada da correspondente licencia.

3.- As concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados unha vez incluídos nos padróns, por anos naturais, correspondendo á Alcaldía a fixación dos periodos de cobranza que se publicarán no Boletín Oficial da Provincia.

4.- Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada ata tanto non se presente a declaración de baixa polo interesado, a que acompañará a placa que lle foi autorizada, surtindo aquela efectos a partir do día primeiro do trimestre natural seguinte a súa presentación. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar abonando a taxa.

Art. 8. Infraccións e Sancións.

Nesta materia aplicarase o regulado na Lei Xeral Tributaria e demais disposicións que a complementen.

Disposición Final.

A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comenará a aplicarse a partir do día 06 de maio de 2005, permanecendo en vigor ata a súa derogación ou modificación expresa.

[Ordenanza aprobada na sesión plenaria deste concello de data 25/02/2005. Publicación aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 102 de 06/05/2005].

ANEXO

Tarifas:

1.- Entrada de vehículos a garaxes vinculados a vivendas unifamiliares mediante sinalización de pasaxe permanente, abonarán ó ano: 25 euros por metro lineal.

2.- Entrada de vehículos a garaxes colectivos mediante sinalización de pasaxe permanente, abonarán ó ano: 40 euros por metro lineal.

3.- Porta carretera: prohibición de estacionamento ou carga e descarga: 50 euros por metro lineal.